

**ACORDO POLO QUE SE RESOLVE O CONVENIO DE COLABORACIÓN ASINADO O 10.11.2021 ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E OS CONCELLOS DE LEIRO E BOBORÁS PARA A RENOVACIÓN DA TUBAXE DENDE PAZOS DEARENTEIRO Á ESTACIÓN DE TRATAMENTO DE AUGA POTABLE DE LEIRO. CONCELLOS DE LEIRO E BOBORÁS (OURENSE), FINANCIADO AO 100% A PARTE ELEXIBLE POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO EIXO REACT UE DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, COMO PARTE DA RESPOSTA DA UE Á PANDEMIA DA COVID-19**

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Francisco José Fernández Pérez, alcalde do Concello de Leiro, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Doutra parte, Ana Patricia Torres Madureira, alcaldesa do Concello de Boborás, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

## **EXPOÑEN**

**Primeiro.** O 10.11.2021 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e os Concellos de Leiro e Boborás para a renovación da tubaxe dende Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable de Leiro, financiado ao 100% na parte elexible pola Unión Europea no marco



do Eixo REACT UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19.

O 27.12.2021 formalizouse a primeira addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia do convenio e reaxustar a distribución de anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións.

O 26.12.2023 subscribiuse a segunda addenda ao convenio para modificar o título do convenio, aumentar o seu importe, ampliar o prazo de vixencia e reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións.

**Segundo.** No ámbito deste convenio adxudicáronse os seguintes contratos:

- O contrato de obra "Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense)", clave OH.232.830, formalizouse o 14.11.2022 cun importe de 318.090,85 €.
- O contrato de servizo de apoio técnico á dirección facultativa na execución da obra hidráulica, clave GA.21078, adxudicouse o 14.10.2022 por un importe de 17.545,00 €.
- O contrato de servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial, clave GA.21089, adxudicouse o 18.10.2022 por un importe de 7.210,10 €.

**Terceiro.** O 19.9.2023 acordouse a suspensión da execución das prestacións dos contratos mencionados ante a imposibilidade de continuar a execución do contrato principal de obra.

**Cuarto.** O obxecto das actuacións conveniadas é a renovación de parte da tubaxe de adución que subministra a auga potable ao Concello de Leiro. Por imposición da



Deputación de Ourense, titular da estrada por onde discorre a tubaxe, o trazado autorizado para a nova tubaxe sitúase baixo a cuneta, a apenas centímetros das cimentacións dos ditos muros.

Durante o comezo da execución das obras detectáronse uns muros de mampostería altamente deteriorados e sen apenas resguardo de cara á estrada. Estes muros presentan unha estabilidade deficiente que se viu agravada durante os últimos meses de elevada precipitación, existindo risco de derrubamento sobre a mesma estrada e perigo para os operarios.

A solución desta incidencia, a xuízo de tódalas partes implicadas, pasa por modificar o trazado da nova tubaxe, instalándoa no centro da estrada de xeito que se permita manter o abastecemento pola antiga tubaxe existente durante a fase de execución das obras, eliminado o risco de derrube dos muros.

Para este cambio de ubicación da tubaxe proxectada, a titular da estrada impón unha serie de condicións que, polas súas características e entidade, precisan da tramitación dun modificado que excede do 50 por cento do orzamento de adxudicación do contrato debido, principalmente, á necesidade de aglomerar a totalidade do pavimento da estrada provincial.

Do exposto conclúese a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente previstos e a posibilidade certa de ocasionar graves prexuízos ao interese público de continuar coa execución das obras nos ditos termos, existindo riscos para a seguridade das instalacións e dos propios operarios da obra debido ás inestabilidades dos muros, así como que a solución das ditas problemáticas pasaría pola tramitación dun proxecto modificado que suporía un incremento orzamentario de máis do 50 por cento respecto do orzamento de adxudicación, con exclusión do IVE, polo que non resulta posible a súa tramitación.



**Quinto.** Polo tanto, ante a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados sen ser posible a súa modificación conforme aos artigos 204 e 205 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), o 31.1.2024 o órgano de contratación iniciou o procedemento de extinción do contrato de obra "Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense)", clave OH.232.830, pola causa de resolución non imputable ao contratista establecida no artigo 211.1 g) da LCSP. O 22.2.2024 acordouse a extinción do contrato.

No marco da execución do contrato da obra anteriormente referido, antes da súa suspensión, aprobáronse e aboáronse 3 certificacións ordinarias por un importe de 45.392,49 €.

O 16.4.2024 aprobouse a liquidación do contrato cun saldo total a favor do contratista de 101.212,87 €, coa seguinte desagregación:

- Un total de 96.853,07 €, en concepto de liquidación da obra efectivamente executada e non aboada mediante as certificacións ordinarias
- Un total de 4.359,80 €, en concepto de indemnización prevista no artigo 213.4 da LCSP

A suma de todas as cantidades aboadas ao contratista do contrato para executar a obra "Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense) - OH.232.830" ascende a 146.605,36 €.

O 21.2.2024 realizouse o acto de recepción material por parte de Augas de Galicia das obras parcialmente executadas polo contratista en relación ao contrato



“Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense) - OH.232.830”.

Os actos de entrega das obras executadas polo contratista e da correlativa recepción material por Augas de Galicia celébranse no marco do procedemento de extinción do contrato por causa de resolución, a efectos de formalizar o traslado posesorio da parte da obra executada e de posibilitar a realización dos actos de medición e comprobación precisos para os efectos da liquidación do contrato.

**Sexto.** O 23.2.2024 acordouse a resolución do contrato menor de servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial no marco da actuación denominada “Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense) - OH.232.830”, de clave GA.21089, pola causa de resolución non imputable ao contratista establecida no artigo 313.1 c) da LCSP, e aprobouse a liquidación do contrato cun saldo a favor do contratista de 178,76 €, en concepto da indemnización legal prevista no artigo 313.3 da LCSP.

No marco deste contrato, previamente a súa extinción, emitíronse 3 certificacións por un importe total de 3.350,86 €, que foron aboados ao contratista.

A suma de todas as cantidades aboadas ao contratista do contrato menor de servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial da obra de referencia ascende a 3.529,62 €

**Sétimo.** O 11.4.2024 acordouse a resolución do contrato menor de servizo de apoio técnico á dirección facultativa na execución da obra hidráulica “Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense) - OH.232.830”, de clave GA.21078, pola causa de resolución non imputable ao contratista establecida no artigo 313.1 c) da LCSP, e aprobouse a



liquidación do contrato cun saldo a favor do contratista de 2.157,28 €, de acordo coa seguinte desagregación:

- Un total de 1.722,28 €, correspondente a prestacións efectivamente executadas pendentes de aboamento.
- Un total de 435,00 € en concepto da indemnización legal prevista no artigo 313.3 da LCSP.

No marco deste contrato, previamente a súa extinción, emitíronse 3 certificacións por un importe total de 9.491,22 €, que foron aboados ao contratista do servizo.

A suma de todas as cantidades aboadas ao contratista do contrato menor de servizo de apoio técnico á dirección facultativa da obra de clave OH.232.830 ascende a 11.648,50 €.

**Oitavo.** De acordo co exposto, os gastos totais efectuados no marco deste convenio ascenden a 161.783,48 €, coa seguinte desagregación:

- "Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense)", clave OH.232.830, 146.605,36 €.
- O contrato de servizo para o desenvolvemento de actividades preventivas e accións de coordinación empresarial, clave GA.21089, 3.529,62 €
- O contrato de servizo de apoio técnico á dirección facultativa na execución da obra hidráulica, clave GA.21078, 11.648,50 €.

**Noveno.** A cláusula décimo terceira do convenio formalizado o 10.11.2021 entre Augas de Galicia e os concellos de Leiro e Boborás prevé como causa de resolución do convenio a inviabilidade da realización das actuacións descritas no convenio por



causas non imputables ás partes. Esta causa de resolución non leva asociada indemnización de ningunha das partes.

**Décimo.** O 15.1.2024 o Concello de Leiro ingresou 11.646,91 € na conta de Augas de Galicia, en cumprimento do disposto na cláusula sexta.2 do convenio de colaboración.

**Undécimo.** A cláusula sétima do convenio de colaboración de referencia, en relación á titularidade das obras, establece que "Os concellos adquirirán a titularidade das obras de referencia situadas nos seus respectivos ámbitos territoriais e asumirán a súa posta en servizo, mantemento, explotación e conservación xa que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de colaboración financeira".

Á vista do exposto, ante a inviabilidade da realización das actuacións descritas no convenio, as partes acordan outorgar este documento para extinguir e liquidar o convenio de referencia, así como entregar ao Concello de Leiro as obras executadas no marco do convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Resolución do convenio

As partes acordan a resolución do convenio de colaboración formalizado o 10.11.2021 entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e os concellos de Leiro e Boborás para a renovación da tubaxe dende Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable de Leiro, financiado ao 100% a parte elexible pola



Unión Europea no marco do Eixo React UE do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da Covid-19.

## Segunda. Liquidación do convenio

O custo total das actuacións executadas no ámbito do convenio ascende a cento sesenta e un mil setecentos oitenta e tres euros con corenta e oito céntimos (161.783,48 €). As partes asumirán os gastos na porcentaxe prevista no convenio (Augas de Galicia un 80% e o Concello de Leiro un 20%), distribuídos do seguinte xeito:

AUGAS DE GALICIA	CONCELLO DE LEIRO	CONCELLO DE BOBORÁS	IMPORTE
129.426,78 €	32.356,70 €	0,00 €	161.783,48 €

Tendo en conta que o Concello de Leiro ingresou o 15 de xaneiro de 2024 na conta de Augas de Galicia a cantidade de 11.646,91 €, a cantidade pendente de pago ascende a 20.709,79 €, que deberá aboar no prazo máximo dun mes dende a formalización deste documento na conta que Augas de Galicia indique ao efecto.

No caso de incumprimento, Augas de Galicia remitirá o importe íntegro da débeda, de conformidade co establecido nos artigos 61 e seguintes da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao Concello de Leiro lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta.



### **Terceira. Entrega das obras ao Concello de Leiro**

Augas de Galicia realiza o traslado posesorio ao concello de Leiro da obra recibida pola execución parcial do contrato "Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense) - OH.232.830", entregada pola empresa contratista a Augas de Galicia o 21.2.2024 e que se describe no anexo I deste documento. O Concello de Leiro recibe a posesión da obra executada da que é titular de acordo co estipulado na cláusula sétima do convenio de colaboración formalizado o 10.11.2021.

### **Cuarta. Publicidade**

A sinatura deste documento suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste documento, as partes o asinan electronicamente

*A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto*


*O alcalde do Concello de Leiro, Francisco José Fernández Pérez*

*A alcaldesa do Concello de Boborás, Ana Patricia Torres Madureira*



**Anexo I.-** Renovación de tubaxe desde Pazos de Arenteiro á estación de tratamento de auga potable (ETAP) de Leiro. Leiro (Ourense) - OH.232.830






**LEYENDA**


	CONDUCCIÓN PROYECTADA
	CONDUCCIÓN INSTALADA
	VENTOSA TRIFUNCIONAL Ø65 mm
	VÁLVULA DE VACIADO Ø100 mm
	ARQUETA DE CONEXIÓN 190×160×175 cm
	REPOSICIÓN PAVIMENTO ASFÁLTICO
	REPOSICIÓN PAVIMENTO HORMIGÓN

CVE: aDIRK3IEH7  
 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



**LEYENDA**



	CONDUCCIÓN PROYECTADA
	CONDUCCIÓN INSTALADA
	VENTOSA TRIFUNCIONAL Ø65 mm
	VÁLVULA DE VACIADO Ø100 mm
	ARQUETA DE CONEXIÓN 190×160×175 cm
	REPOSICIÓN PAVIMENTO ASFÁLTICO
	REPOSICIÓN PAVIMENTO HORMIGÓN



**LEYENDA**

	CONDUCCIÓN PROYECTADA
	CONDUCCIÓN INSTALADA
	VENTOSA TRIFUNCIONAL Ø65 mm
	VÁLVULA DE VACIADO Ø100 mm
	ARQUETA DE CONEXIÓN 190×160×175 cm
	REPOSICIÓN PAVIMENTO ASFÁLTICO
	REPOSICIÓN PAVIMENTO HORMIGÓN

CVE: aDIRK3IEtL7  
 Verificación: https://sede.xunta.gal/eve



**LEYENDA**

- CONDUCCIÓN PROYECTADA
- CONDUCCIÓN INSTALADA
- VENTOSA TRIFUNCIONAL Ø65 mm
- ✚ VÁLVULA DE VACIADO Ø100 mm
- ARQUETA DE CONEXIÓN 190×160×175 cm
- REPOSICIÓN PAVIMENTO ASFÁLTICO
- REPOSICIÓN PAVIMENTO HORMIGÓN

CVE: aDIRK3IEtL7  
 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

